

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

*RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2017 pola que se concede unha bolsa de formación para o programa de traballo do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, convocada por Resolución do 30 de decembro de 2016, e se establece a lista de reserva.*

Mediante a Resolución do 30 de decembro de 2016 (DOG núm. 38, do 23 de febreiro de 2017), establecéronse as bases reguladoras para a concesión dunha bolsa de formación para o programa de traballo do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2017.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados no artigo 12 das bases reguladoras, a comisión de valoración elevou a persoa proposta para a concesión da bolsa e a lista de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia da bolsa concedida.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido no artigo 14.2 das bases reguladoras,

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder a bolsa de formación para o programa de traballo do Consello Galego de Consumidores e Usuarios á persoa beneficiaria que se relaciona no anexo I desta resolución.

A bolsa estará dotada con 900 euros brutos por mes.

Segundo. Establecer a lista de reserva, por orde de prelación, que se indica no anexo II desta resolución para o caso de non aceptación ou renuncia da bolsa concedida.

Terceiro. Non admitir as solicitudes presentadas polas persoas que se relacionan no anexo III desta resolución por non cumpriren cos requisitos exixidos.

Cuarto. Desestimar as demais solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2016 por non cumpriren coas exixencias establecidas no artigo 12 das bases reguladoras (anexo IV).



Quinto. Dispoñer gastos mediante a expedición dos correspondentes documentos contables con cargo ás partidas orzamentarias 09.80.613A.481.0 (axudas e convenios para as organizacións de consumidores) e 09.80.613A.484.0 (cotas Seguridade Social bolseiros) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, e que se destinarán ao pagamento da persoa bolseira e das custas da Seguridade Social.

A contía da bolsa calcúlase desde a data de incorporación da persoa beneficiaria ata o 31 de decembro de 2017.

Sexto. A persoa beneficiaria deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución.

Transcorrido o dito prazo, se a persoa beneficiaria non se declarase en ningún sentido, entenderase que acepta a bolsa.

Así mesmo, no caso de que a persoa beneficiaria non acepte a bolsa ou non poida incorporarse por calquera outro motivo, poderá ser substituída polas persoas que figuran na lista de reserva en función da súa puntuación.

Sétimo. A persoa beneficiaria da bolsa terá as obrigas establecidas no artigo 20 das bases reguladoras (*Obrigas da persoa beneficiaria*).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Sol M<sup>a</sup> Vázquez Abeal

Directora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia



## ANEXO I

**Persoa beneficiaria da bolsa de formación para o programa de traballo do Consello Galego de Consumidores e Usuarios**

Nº expediente	Solicitante
IN108A/17/30	Serralle Mallo, Carlos

## ANEXO II

**Lista de persoas suplentes, por orde de prelación, para cubrir as vacantes que se poidan producir por non aceptación ou renuncia da bolsa concedida**

Nº	Nº expediente	Nome	Apelidos
1	IN108A/17/13	Lorena	Noguerol Lois
2	IN108A/17/31	Verónica	Piñeiro Soliño
3	IN108A/17/22	Patricia	Rilo Riveiro

## ANEXO III

**Lista de solicitudes non admitidas**

Nº expediente	Apelidos	Nome	Causa/s non admisión
IN108A/17/24	Álvarez Alende	Ana	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/11	Aquino Aquino	Nidia Esther	Artigo 3.b) das bases reguladoras
IN108A/17/20	Braña López	Lucía	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/10	Castro Fernández	Cristina	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/19	Chousa Carreira	Jessica	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/04	Cordido Méndez	Pamela	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/23	Gil Mosquera	Noelia	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/18	Groveiro Paz	Roi	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/21	Mosquera Estévez	Pablo	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/12	Pérez Lago	Yolanda	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/26	Silvosa Veiga	Alba	Artigo 3.a) das bases reguladoras
IN108A/17/17	Vila Ferreiro	Óscar	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/02	Vilas Fuentes	Ariadna	Artigo 3.c) das bases reguladoras
IN108A/17/14	Villaverde Lorenzo	Margarita	Artigo 3.c) das bases reguladoras

## ANEXO IV

**Lista de solicitudes desestimadas**

Nº expediente	Apelidos	Nome	Causa desestimación
IN108A/17/29	Area Nartínez	Sandra	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/25	Caride Comesaña	Víctor Manuel	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/09	Castro Leis	Rubén	Artigo 12.3 das bases reguladoras



Nº expediente	Apellidos	Nome	Causa desestimación
IN108A/17/08	Castromil de Lombera	Evaristo	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/07	Dacunha Pazos	Alberto	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/27	Doce Martínez	Ana Belén	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/16	Fernández Acevedo	Paula	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/03	Lafuente Castro	Cristina	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/28	Martínez Álvarez	Ismael	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/15	Martínez López	Óscar	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/05	Monzón Pérez	Enma	Artigo 12.5 das bases reguladoras
IN108A/17/33	Otero Cajaraville	Laura	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/01	Picado Costa	Cintia	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/34	Ríos Costa	M. del Rocío	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/32	Ríos Gómez	María Cruz	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/06	Sieira García	Diana	Artigo 12.3 das bases reguladoras
IN108A/17/ 35	Vázquez Vidal	Eva	Artigo 12.3 das bases reguladoras

